



REGULAMENTO – 1º Trail do Nocado

▪ Artigo 1.- ORGANIZACIÓN

- A Asociación por Beluso (ASBEL), en colaboración coa Comunidade de Montes de Beluso e o Concello de Bueu, organiza o próximo domingo, día **27 de marzo de 2022** a 1ª edición do **TRAIL DO NOCEDO**, que se celebrará na parroquia de Beluso (Bueu).

▪ Artigo 2.- REGULAMENTO

- A inscrición á proba implica a total aceptación deste regulamento, e que será de estrito cumprimento para todxs os/as participantes do Trail do Nocado.
- O evento desenrolarase dentro dos protocolos Covid estipulados para esa data.

▪ Artigo 3.- A PROBA

- A proba transcorrerá 100% polos montes da parroquia de Beluso, e ofrece dúas posibilidades de participación:
 - **Trail:** 25 km / 1.200 m de desnivel
 - **Trailiño:** 15 km / 600 m de desnivel

▪ Artigo 4.- PARTICIPACIÓN

- Os/as participantes deberán respectar o medio no que se realiza a proba e manter limpo a contorna da mesma. Para iso deberán comer e beber **sen deixar ningún envase fóra dos recipientes** habilitados para tal uso. O incumprimento deste punto carrexará a **descalificación inmediata do corredor**, podendo ser inhabilitado mediante un simple testemuño de calquera membro do equipo organizativo da Carreira.
- Para participar na TRAIL hai que ser maior de idade, e para o TRAILIÑO a idade mínima é de **16 anos cumpridos** o mesmo día da proba, non permitindo a participación a ningún atleta con menos da devandita idade.
- Está **prohibido ir acompañado** doutras persoas que non sexan participantes inscritos na proba.
- O/a participante deberá **levar o dorsal** facilitado pola organización en todo momento, nun lugar visible non podendo ser recortado, dobrado nin modificado. O incumprimento deste punto, **carrexará a descualificación** inmediata do corredor.

▪ Artigo 5.- A CARREIRA

- O itinerario da carreira será sinalizado con cinta balizadora e señalética específica creada para a proba. O rutómetro da mesma será publicado nas páxinas web oficiais da carreira:
 - <https://crosscaboudra.com/>
 - <https://ccnorte.com/evento/detalle/id/2227/i-trail-do-nocado>
- Calquera cambio ou modificación no mesmo farase público polos mesmos medios.
- O percorrido **non estará pechado ao tráfico**, polo que os deportistas deberán extremar as precaucións e respectar as indicacións dos corpos de seguridade que alí se atopan.



- Durante o transcurso da carreira, os/as participantes **deberán facer caso aos membros da organización** da proba en todo momento. O non cumprimento deste punto, implicará a descalificación inmediata.
- A proba estará controlada de modo electrónico mediante o sistema de chip de mylaps. Os/as participantes deberán **portar o chip durante todo o percorrido**, situándoo na zapatilla, xa que no caso contrario, as lecturas dos tempos non se realizarán correctamente.
- FORA DE CARREIRA: establécense 2 puntos de control de límite de paso que afectan a proba da trail. Os/as corredores que non alcancen ese punto nun tempo inferior o establecido deberán abandonar a proba, sendo a organización a responsable de garantir a súa chegada a meta.

➤ **Puntos: km 12 + km 17 / Tempo límite: **informarase na semana do evento****

▪ **Artigo 6.- CATEGORÍAS (masc + fem)**

- ABSOLUTA
- SÉNIOR
- VETERÁN 40
- VETERÁN 50
- EQUIPOS (soamente na Trail): os equipos teñen que ser de 4 atletas, e poden ser totalmente masculinos, femininos ou mixtos. A clasificación final determinarase en función dos 3 mellores tempos de cada equipo.
- CATEGORÍA ESPECIAL: empadroadxs en Bueu, máis veterán/a, de máis lonxe e club + participantes.
Premios NON acumulables, salvo na categoría de empadroados en Bueu

▪ **Artigo 7.- INSCRICIÓN**

- Páxina Web: **www.championchipnorte.com**
- Data límite: martes, 22 de marzo (23.30 h)
- Custe:
 - **Ata o 28 de febreiro**: Trail: 18€ / Trailiño: 14€
 - **A partir do 1 de marzo**: Trail: 20€ / Trailiño: 15€*Inclúe: dereito de participación, cronometraxe, avituallamento, recuperación, gardaroupa, duchas, agasallo, seguro médico e de responsabilidade civil.*
- Outros custos posibles: A proba se cronometrará co sistema de MyLaps, se non se posúe chip amarelo terase que alugar un cun custo de 1 euro. A entrega de dorsais comunicarase días antes do evento.

▪ **Artigo 8.- AVITUALLAMENTOS**

- A organización poñerá a disposición de todxs os/as participantes de avituallamentos (*con servizo de botiquín de 1º auxilios*) repartidos en todo o percorrido onde poderán fornecerse de auga, isotónico, comida e froita, ademais doutros produtos postos pola organización.
 - **Trail**: 4 intermedios + 1 final / **Trailiño**: 1 intermedio + 1 final



▪ **Artigo 9.- DEREITOS DE IMAXE**

- A organización poderá utilizar as imaxes, vídeos e son dxs participantes durante a proba, incluíndo momentos previos e posteriores, desde a recollida de dorsais, entrega de premios e traslado dxs participantes, para a promoción e difusión da proba sen ningún límite temporal para utilizalos.

▪ **Artigo 10.- CANCELACIÓNS**

- En caso de non poder celebrar a proba pola COVID 19, serán devoltas as inscricións o 100%. Calquera inscrito/a que queira darse de baixa do evento, poderá facelo ata o 13 de marzo (23.59 h), devolvéndolle o 75% da cuota de inscrición. Pasada esa data, NON se fará efectiva tal devolución, podendo solicitar á organización un cambio de datos por outro/a participante ata o día 22 de marzo.

▪ **Artigo 11.- NORMAS AMBIENTAIS**

- A participación na proba implica o coñecemento e a aceptación destas normas de carácter especial para co medio ambiente. Unha parte importante da proba desenvólvese no interior de espazos protexidos que albergan unha flora e unha fauna sensible e vulnerable e na que os/as participantes deben actuar con coidado e responsabilidade.

▪ **Artigo 12.- SEGURIDADE**

- Seguro de Responsabilidade Civil e de Accidentes: *estarán excluídos os derivados dun padecemento latente, imprudencia, negligencia, inobservancia das leis,.... Tamén os producidos polos desprazamentos particulares ata/dende o lugar no que se desenvolve a proba.*
- Ambulancia
- Servizo de Recuperación (masaxistas)
- Plan de Emerxencia: Policía Local, Protección Civil e Ambulancia

▪ **Artigo 13.- MATERIAL**

- TRAIL (obrigatorio) / TRAILIÑO (aconsellable)
 - Teléfono con carga completa
 - Depósito de auga para unha capacidade mínima de 500 ml
 - Manta térmica para calquera imprevisto durante a proba



Información Xeral

1. Poderán participar as persoas que o desexen, tendo que estar fisicamente ben preparado/a para a carreira, gozar de boa saúde xeral sen padecer enfermidade, defecto físico ou lesión que poida agravarse coa súa participación en dita proba. O deportista ASUME que para a realización da proba é necesaria unha boa condición física, psíquica e deportiva. Os menores de idade deberán presentar unha autorización da nai, pai ou titor, aprobando a súa participación no trailiño.
2. Todo participante, polo feito de inscribirse, ACEPTA AS CONDICIÓN E REGULAMENTACIÓN IMPOSTAS pola organización, polo que libera expresamente á organización ou a calquera outro patrocinador ou colaborador, ante todo tipo de accidente, lesión ou eventualidade que puidera xurdir derivada da súa participación na proba, e que non estivese cuberta polo seguro contratado.
3. Os atletas deberán estar na liña de saída 5 MINUTOS ANTES DO COMEZO DA CARREIRA e participarán cos dorsais asignados pola Organización, quedando ben visible a súa publicidade.
4. Os DORSAIS E CHIPS deberán ser recollidos nos puntos establecidos pola organización, alo menos 45' antes do inicio da súa proba. Establecerase un punto de recollida 1 día antes (pendente concretar sitio).
5. A organización resérvase o DEREITO a realizar as modificacións que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspensión da proba se as condicións meteorolóxicas o obrigan ou por forza maior.
6. A organización NON SE FARÁ RESPONSABLE dos obxectos de valor extraviados polos corredores.
7. Todo o que non apareza reflectido neste Regulamento se rexerá pola normativa a Federación Internacional de Atletismo (IAAF). A inscrición no 1º Trail do Nocedo implica a TOTAL ACEPTACIÓN do preceptuado no presente Regulamento.